



Distancia: variable
Dificultade: baixa

AS MÉDULAS

Adela Leiro, Mon Daporta
Marzo 2026




As Médulas son o máis grande vestixio da explotación de ouro do romanos, unha paisaxe transformada polo ser humano que despois de anos consérvase a xeito de montes en formas curiosas con covas e derrubes, poboada da vexetación típica da zona. Están situadas na comarca do Bierzo ao noroeste dos montes Aquilanos preto do val do río Sil.

O espazo atópase na fosa tectónica do Bierzo formada no Terciario durante a Oroxenia Alpina e na que se foron formando áreas separadas por fracturas. Unha destas zonas é a das Médulas onde se formou unha ampla área sedimentaria na que destacan os depósitos vermellos miocénicos aos que se asocia o ouro e que despois se foi reformando pola acción das actividades mineiras.

A Paisaxe Cultural das Médulas ten diversas figuras de protección:
BEN DE INTERESE CULTURAL (1931)
PATRIMONIO DA HUMANIDADE (1997)
MONUMENTO NATURAL (2002)



Vista das Médulas desde Enciña da Lastra





PERCORRIDO:

Polas estradas que van desde O Barco (Valdeorras) a Ponferrada, tanto pola de Ponte de Domingo Florez, como pola de Rubiá e Covas (collendo ao pouco da saída dos túneles o desvío ás Médulas) imos a Carucedo e de alí á localidade das Médulas onde se atopa o principal punto de acceso ao espazo e onde podemos obter información. A lonxitude do percorrido pode ser variable, mais hai zonas ás que so se pode acceder con guía. Son lugares de visita obrigada a fronte da mina, a cova grande e o miradoiro de Orellán. No traxecto atoparemos algúns vellos castiñeiros de bo porte. Un lugar próximo de interese é a lagoa de Carucedo que se formou pola acumulación dos restos da minas que fixeron de dique para a auga.



<https://viajandoelmapa.com/ruta-por-las-medulas/>









“Ruina montium”



O sistema empregado para a explotación do ouro foi un tipo de minaría hidráulica que consistía na captación da auga por medio de canles e almacenala en depósitos para utilizala despois. Facíase pasar polo interior de túneis con moita presión o que causaba derrubes do terreo e a acumulación de sedimentos que logo se lavaban para obter o ouro.

Un amplo sistema con túneis e acuedutos aproveitaba os regos das montañas próximas.

As canles podían ter unha lonxitude de 300 km.

As Médula foi a mina de ouro máis grande explotada polos romanos durante o seu imperio (800.000 kg de ouro) con ata 500 millóns de metros cúbicos de terra extraídos para o lavado do mineral.





VEXETACIÓN

A matogueira mediterránea ocupa unha ampla área: xestas, breixos, carqueixas, estevas... As árbores típicas da zona son as aciñeiras e as sobreiras. Nas beiras dos ríos hai especies típicas dos bosques de ribeira. Tamén moito espazo ocupado polos soutos cultivados.



Castiñeiro monumental nas Médulas



Arzaia (*Lavandula stoechas*)



Souto nas Médulas

FAUNA

Coello, lebre, marta, porco teixo,
leirón careto, aves de rapina,
réptiles, insectos, arañas...



Falcón peregrino (*Falco peregrinus*)



Lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*)



Bolboreta
(*Charaxes jaspus*).

A actividade mineira e a erosión nos conglomerados e
arxilas do Terciario dou lugar a unha paisaxe de
torres, picos, canóns, cavorcos...

